



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra, ditou a seguinte
RESOLUCIÓN:

ASISTENTES

PRESIDENTE

D. Gerardo Zugasti Enrique

VOGAIS

D. Enrique Martínez Chamorro
(Xefe do Servizo de Montes)

D. Víctor Abelleira Argibay
(Representante colexio de avogados da
provincia)

Dna. Lorena Peiteado Pérez (Letrada da
Xunta de Galicia)

D. X. Carlos Morgade Martínez
(Representante das CMVMC da provincia
de Pontevedra)

**VOGAIS REPRESENTANTES DA
CMVMC DE CRISTIMIL**

D. Jorge Dieguez Vence
D. Jesús Sánchez Lemos

SECRETARIA

Dna. Ana Belén Fernández Dopazo.

Na cidade de Pontevedra, sendo as 17:30 horas do día 03/10/2011, coa asistencia das persoas á marxe reseñadas, reúnese na 2ª planta do Edificio Administrativo sito no nº 43 da rúa Fernández Ladreda o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común co obxecto de decidir, entre outros asuntos, sobre a resolución do expediente de clasificación do monte denominado “**Monte do Pico**” solicitados a prol dos veciños da **CMVMC de Cristimil**, concello de Rodeiro.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Con data de entrada en rexistro do 18/03/2010 D. Jorge Diéguez Vence, en calidade de presidente da CMVMC de Cristimil, presenta solicitude de iniciación de expediente de clasificación do monte denominado “Monte do Pico”, no lugar de Cristimil, parroquia de Az, concello de Rodeiro como veciñal en man común a favor dos veciños da CMVMC de Cristimil, do concello de Rodeiro, acompañando informe técnico e pericial, describindo o monte, antecedentes, identificación, superficie e lindeiros.

Menciona o promotor que o Monte do Pico xa foi clasificado polo Xurado no ano 2004, porén naquela ocasión obviouse incluír unha parte do monte que figura ao sur do xa clasificado maila que si se consignaba xa como monte dos veciños de Cristimil;



solicita que se teña en conta a documentación histórica xa aportada no seu día coa solicitude inicial de clasificación e que serviu de base para a mesma - certificación emitida pola directora do Arquivo Histórico Provincial referente ao libro Real de Legos do Catastro do Marqués da Ensenada, correspondente a feligresía de San Cristóbal do Haz, do ano 1.753 , así como a certificación do secretario municipal de Rodeiro, D. Antonio García González, da Sentenza de 29/10/1941 a raíz dun xuízo de faltas promovido por veciños da parroquia de Ventosa (Agolada) contra os veciños do lugar de Cristimil, por unha corta no monte do Pico, na que se indica: “ (...) efectivamente es cierto que el día 3 de diciembre del año último cortaron esquilmes en el monte denominado “Do Pico” a que se refiere la denuncia (...) tal monte se encuentra enclavado en términos de este municipio de Rodeiro, siendo esta la razón por la que vienen poseyendo y disfrutando el monte de referencia desde tiempo inmemorial (...) procede la absolución de los denunciados dada la mala fe de los denunciantes toda vez que no presentaron prueba (...) “

Revisada a documentación existente no mencionado expediente de clasificación compreseñar que en data do 28/04/2004 o xurado acordou clasificar 11.Has do denominado monte “ do Pico “ a favor dos veciños do lugar de Cirstimil, da parroquia de Az (Rodeiro)

Contra a resolución de clasificación presentouse recurso de reposición polos veciños de Cristimil, alegando, entre outras cousas, que se tivera en conta á parcela situada ao sur da clasificada.

En data do 01/08/2006 o Xurado desestima o recurso de reposición, e en relación coa parcela agora solicitada, no fundamento de dereito segundo, sinalase que : “ *en canto á parcela situada ao sur da clasificada, o propio recorrente recoñece o seu erro ao non solicitara clasificación da mesma, erro que facilmente poderán subsanar cunha nova solicitude del clasificación*

SEGUNDO.- O Xurado de Montes en sesión celebrada en data 19/08/10 a vista do informe previo do Servizo de Montes e da documentación existente no expediente acordou a incoación de expediente de clasificación do devandito monte e a súa remisión ao Servizo de Montes para a elaboración do informe preceptivo de conformidade co establecido no artigo 20 do Decreto 260/1992.

TERCEIRO- En data do 27/09/2010 emítese informe preceptivo, do que convén salientar as observacións realizadas en relación á situación e estado da parcela:

-A maioría da superficie é monte raso, poboado con matorral de toxo e retama, presenta afloramentos rocosos. Existe tamén unha pequena franxa de repoboación de piñeiros .Dentro da parcela encontrase instalado, al menos, un aeroxenerador se ben, indica que non se aprecian signos de aproveitamento recente.

CUARTO- A Rexistradora da Propiedade de Lalín certifica con data 02/11/2010, que o “Monte do Pico” sito na parroquia de Az, descrito na presente instancia, tal e como na mesma se describe, non figura inscrito neste Rexistro da Propiedade polo concello de Rodeiro.



QUINTO- Á vista da documentación aportada polo solicitante o monte obxecto do presente expediente, obedece á seguinte descrición:

Concello: Rodeiro

Parroquia: Az

Nome do Monte: Monte do Pico

Cabida: 7, 73 Has. aproximadamente

Lindes:

Norte: CMVMC de Cristimil, monte dos veciños de San Cristobal e propiedade particular delimitada por muro de Francisco Pardo Fafián.

Sur: Roberto Vázquez Lorenzo, Manuel Sánchez Lamas, Eladio Vilamía Sánchez e outros.

Leste: Francisco Pardo Fafián e propiedades particulares do lugar de Casardixo.

Oeste: CMVMC de Cristimil.

SEXTO- Realizadas as comunicacións do artigo 23 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e aberto período de audiencia, non se presentaron alegacións por persoa ou entidade, agás o propio promotor do expediente de clasificación que mediante escrito do 14/03/2011 reitera a solicitude de clasificación da parcela anexa ao Monte do Pico alegando que ven sendo obxecto de uso polos veciños do lugar de Cristimil dende tempo inmemorial, o que se acredita coa descrición feita no Catastro do Marqués de Ensenada .

Así mesmo, achega ao expediente escrito asinado polos veciños de maior idade do lugar de Cristimil declarando baixo xuramento ou promesa que tanto eles como os seus antergos, viñeron facendo uso continuado da parcela do monte situada na parte sur – leste do Monte do Pico. Os veciños manifestan que o aproveitamento consiste fundamentalmente en labores de esquilme e pastoreo con gando caprino polo que instan a clasificación do monte do Pico como monte veciñal en man común a favor dos veciños da CMVMC de Cristimil.

A maior abundamento, achegan un percorrido gráfico da parcela sobre a que se solicita a clasificación, con identificación dos fitos e elementos singulares que serven para fixar os límites da mesma. Percorrido e información feitos por D. Jesús Sánchez Lamas, veciño de maior idade do lugar de Cristimil.

SEPTIMO. Consultado o Servizo de Conservación da Natureza desta Xefatura Territorial informase que o monte “Do Pico “ situado no lugar de Cristimil , parroquia de Az, concello de Rodeiro, está dentro do TECOR “ Camba- Rodeiro”, matrícula PO- 10.084 (Tecor aprobado o 25 de maio de 2001) .

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a tenor do establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.



Segundo.- De conformidade có artigo 1 da Lei 13/1989 do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e no artigo 1 do Decreto 240/1992 do 4 de setembro comprende entender por montes veciñais en man común *“... os terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que con independencia da súa orixe, as súas posibilidades productivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cuotas, os membros daquelas na súa condición de veciños”*.

Segundo abundosa xurisprudencia, o feito que xustifica a clasificación ou non como veciñal dun determinado monte, en vía administrativa, é a circunstancia de terse ou non demostrado o aproveitamento consuetudinario en man común, prescindindo das cuestións relativas á propiedade e demais dereitos reais.

Deste xeito para que un monte sexa declarado veciñal en man común o aproveitamento debe quedar acreditado non só nun pasado, senón tamén no presente e de forma continuada, así o establece o artigo 1º da Lei 13/1989 e as diversas resolucións xudiciais que o interpretan, concluíndo que o decisivo para a inclusión dun monte na categoría de veciñal en man común, é que resulte acreditada a constante posesión continuada do aproveitamento dos montes polos veciños promotores de forma mancomunada (STS de 07/03/01)

Terceiro. O uso ou aproveitamento en man común do monte solicitado queda suficientemente acreditado, non só pola documentación histórica existente no expediente e mencionada no antecedente de feito primeiro- certificación do Arquivo Histórico Provincial referente ao libro Real de Legos do Catastro do Marqués da Ensenada, correspondente a feligresía de San Cristóbal do Haz, do ano 1.753, e sentenza de 29/10/1941- se non tamén pola documentación aportada polos promotores do expediente e que acredita o uso e aproveitamento comunal do monte, non só no presente senón tamén de xeito continuado no tempo, como proba deste aproveitamento veciñal a comunidade aporta unha serie de declaracións xuradas dos veciños sobre este extremo, na que declaran baixo xuramento ou promesa que tanto eles como os seus antergos, viñeron facendo uso continuado da parcela do monte situada na parte sur – leste do Monte do Pico, consistindo o aproveitamento fundamentalmente en labores de esquilme e pastoreo con gando caprino. Reforza este carácter o informe preceptivo do Servizo de Montes no que se reflexa a existencia dunha repoboación de piñeiro, repoboación que segundo indican os veciños de Cristimil fíxose hai uns cinco anos aproximadamente e con medios propios.

Consta igualmente no expediente, declaración do Alcalde - Presidente do Concello de Rodeiro sobre o aproveitamento das augas da fonte do Monqueimado, ubicada dentro da parcela sobre a que solicita a clasificación, así como copia da última factura emitida a Galicia Vento, SL, polo arrendamento da cesión de uso dos terreos afectados polos parques eólicos do Farelo (dereito de paso dunha liña eléctrica) e copia do documento bancario acreditativo do seu pagamento pola empresa eléctrica á CMVMC de Cristimil..





Finalmente, reseñar o feito de que durante a tramitación do expediente non conste ningún escrito presentado por terceiro no que se discuta o aproveitamento consuetudinario con carácter exclusivo sobre a parcela obxecto do presente expediente de clasificación o que demostra de xeito suficiente que ven existindo un aproveitamento público, pacífico e continuado en común por parte dos veciños de Cristimil do monte.

En consecuencia, vista a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro de montes veciñais en man común e o seu regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios, de xenérica e específica aplicación, propónse polo Instrutor e o Xurado acorda por unanimidade:


CLASIFICAR como veciñal en man común o Monte do Pico solicitado, a favor dos veciños da **CMVMC de Cristimil**, do concello de Rodeiro, de acordo coa descrición reflectida no antecedente de feito quinto e planimetría elaborada ó efecto polo Servizo de Montes e que forma parte inseparable da presente Resolución

Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo perante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.





SITUACION. MTN 122-429. 1:25.000



Este plano realizouse seguindo as indicacións do Xurado Provincial de Montes de Pontevedra.

É tal e como di a resolución: "(...) CLASIFICAR (...) de acordo coa descrición reflectida no antecedente de feito quinto".

[Handwritten signature]



Outubro-2.011

ESCALA : 1/5.000

Nº de plano:
1 de 1.

MONTE DO PICO. SUPERFICIE= Ver resolución do Xurado Provincial
CMVMC DE CRISTIMIL. CONCELLO DE RODEIRO



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
XURADO PROVINCIAL DE MONTES DE PONTEVEDRA